



BASES
CONCURSO-DESFILE INFANTIL DE ENTROIDO 2025

1º.- O Concello de Marín publica as bases para a participación no Desfile-Concurso Infantil que se vai celebrar o sábado 1.03.2025 ás 16:30h.

2º.- A inscrición terá lugar no Palco da Música de 16:00h ás 16:20h.

3º.- Tras a inscrición, desfilarase polas seguintes rúas: Real, Praza do Reloxo, Sol e Concepción Arenal, rematando no Parque Eguren.

4º.- Poderán participar os/as nenos/as, nados/as a partir do ano 2011, é dicir que teñan menos de 14 anos. As persoas maiores de 14 anos quedarán excluídas da avaliación do xurado.

5º.- A participación no desfile-concurso infantil dá por suposto a aceptación destas bases. Non se poderán inscribir en máis dunha categoría.

6º.- Os/as acompañantes deberán ir disfrazados. Non poderá ir máis dunha persoa adulta por cada 4 nenos/as.

7º.- A comisión do Entroido e o Xurado terá a potestade de *descalificar a calquera participante* de calquera categoría se se incumpre algunha das bases. As decisións tomadas polo xurado serán inapelables.

8º.- A contía dos premios é a seguinte:

PREMIOS	INDIVIDUAIS	PARELLAS	GRUPOS	COMPARSAS
1º.	80 €	120 €	180 €	220 €
2º.	70 €	110 €	150 €	180 €
3º.	60 €	100 €	130 €	150 €
4º.	50 €	80 €	100 €	
5º.	---	---	80 €	

O importe máximo a repartir, agás a contía fixa das comparsas, será de 1.860 €.

9º.- Os/as gañadores/as recollerán o premio ao ser chamados, coa mesma vestimenta pola que foron premiados/as e co número de inscrición.

10º - Na entrega de premios, as comparsas interpretarán a súa canción.

11º.- Os criterios de puntuación de 0 a 5 puntos son:
a. Orixinalidade
b. Vestiario
c. Actitude, ritmo e animación

Contías fixas para comparsas de 20 participantes ou máis:

- 225€ por participar no desfile infantil.
- 100€ por participar no desfile de adultos.

Contías fixas para comparsas de entre 14 e 19 participantes:

- 150€ por participar no desfile infantil.
- 50€ por participar no desfile de adultos.

O importe máximo a repartir será de 6500€, polo que non poderán participar máis das primeiras 20 comparsas inscritas.

REQUISITOS A CUMPRIR POLAS COMPARSAS PARA ACOLLERSE ÁS CUANTÍAS FIXAS

- En función do número de participantes optarán a 2 contías fixas, as integradas por de 14 a 19 participantes ou por 20 ou máis.
- Interpretarán cancións acompañadas de calquera tipo de instrumento, con ritmo e coreografía.
- Os/as compoñentes deberán ser en máis dun 60% residentes censados en Marín, polo que farán constar os nomes e apelidos na ficha de inscrición que se facilita no Museo M. Torres.
- A ficha de inscrición presentárase no Museo M. Torres antes do xoves 27 de febreiro ás 14.00h, xunto coa copia das composicións que terán que ser en galego (letras e cancións).
- Concentraranse na Alameda o sábado 1 de marzo antes das 16.15h.
- Non poderán optar a premio no Desfile de Adultos.

CLIMATOLOXÍA

No caso de mal tempo, o desfile se cancelará definitivamente e as comparsas inscritas recibirán unha axuda de 100€.

Para máis información no Concello de Marín, Museo M. Torres (986 891 186 / museo.torres@concellodemarin.es) e na web: www.concellodemarin.es.

Marín, xaneiro 2025.